



*CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 29 de decembro de 2022 pola que se convoca o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso nas categorías de técnico superior, técnico medio, oficial administrativo e auxiliar administrativo de persoal laboral fixo do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape).*

Advertidos erros na citada resolución, publicada no portal web do Igape, no enderezo <https://www.igape.gal/gl/mais-igape/transparencia-e-goberno-aberto> con data 30 de decembro de 2022, da que se publicou un anuncio no *Diario Oficial de Galicia* núm. 248 da mesma data, procede realizar as seguintes correccións:

- No parágrafo terceiro da base 1.3.1, onde di:

*Dentro do prazo que se sinala no parágrafo anterior, as persoas aspirantes deberán presentar a súa solicitude, cuberta e asinada, exclusivamente por medios electrónicos, empregando para iso o modelo PR004A de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado, dispoñible na Sede Electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal/portada>, dirixido á Dirección Xeral do Igape, ao que deberán anexar o modelo de solicitude debidamente cuberto e asinado xunto coa copia do DNI e da documentación acreditativa de cumprir os requisitos esixidos na base 1.2, así como o resto de documentación a que se refire a base 1.3.5.*

Debe dicir:

*Dentro do prazo que se sinala no parágrafo anterior, as persoas aspirantes deberán presentar a súa solicitude, cuberta e asinada, exclusivamente por medios electrónicos, empregando para iso o modelo PR004A de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado, dispoñible na Sede Electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal/portada>, dirixido ao Igape, ao que deberán anexar o modelo de solicitude debidamente cuberto e asinado xunto coa copia do DNI e unha declaración responsable de que cumpren os requisitos esixidos nas bases 1.2.5 e 1.2.6, así como o resto de documentación a que se refire a base 1.3.5.*





- Na base I.3.3, onde di:

(...)

*Pagamento presencial: deberá imprimir o documento de pagamento (modelo 739), cubri-lo, asinalo e realizar o ingreso do importe da taxa en calquera das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia, onde se lle facilitará un exemplar selado como xustificante.*

*Transferencia bancaria: poderá realizarse unha transferencia bancaria na conta ES83 2080 0388 2731 1000 0584.*

*Como concepto deberá engadirse, respectando o formato que se indica, exclusivamente:*

*NIF/NIE OPE 2022-IGAPE*

(...).

Debe dicir:

(...)

*Realizarase o pagamento a través da Oficina Virtual da Axencia Tributaria de Galicia: <https://ovt.atriga.gal/> podendo optar por facelo de xeito presencial ou por vía telemática. Achegarse unha copia do xustificante do pagamento da taxa xunto coa solicitude. Na páxina web do Igape publicaranse unhas indicacións sobre os códigos e o procedemento de pagamento.*

(...)

- No parágrafo segundo da base IV.2, onde di:

*A Presidencia deberá solicitar ás restantes persoas que formen parte da comisión de selección e, de ser o caso, ao persoal asesor previsto na base III.9 e ao persoal auxiliar que incorpore aos seus traballos, unha declaración expresa de non atoparse incursos en ningunha das circunstancias reflectidas no parágrafo anterior.*





Debe dicir:

*A Presidencia deberá solicitar ás restantes persoas que formen parte da comisión de selección e, de ser o caso, ao persoal asesor previsto na base IV.9 e ao persoal auxiliar que incorpore aos seus traballos, unha declaración expresa de non atoparse incursos en ningunha das circunstancias reflectidas no parágrafo anterior.*

- Na base VI, onde di:

*Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela as persoas interesadas poderán presentar recurso potestativo de reposición ante o director xeral do Igape no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no anuncio de convocatoria no DOG, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou impugnala directamente ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.*

Debe dicir:

*Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela as persoas interesadas poderán presentar recurso potestativo de reposición ante o director xeral do Igape no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no DOG, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou impugnala directamente ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.*

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral do Igape

Fernando Guldrís Iglesias

